



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Extra de Abril 2021 • COVID-19 • Nº 254



HAI VEDRA PLATAFORMA DE VENDA EN LIÑA

■ Xa pasou un ano e aínda estamos en pé, pelexando, sobrevivindo. Merecémonos un capricho, darnos un pequeno mimo por todo o acontecido. Na páxina web de Hai Vedra (www.haivedra.gal) tedes algunhas ideas para regalar e regalarvos. Permitídevos un cariño e axuda ao comercio local.

Lembra que na web tes todas as facilidades, bota un ollo... merca e recibe os produtos na túa casa. Hai Vedra é unha aposta polas nosas empresas, un apoio que recae en beneficio de toda a veciñanza.

#regalatehaiVedra

hai Vedra ti sumas

eu ofrezo ti merco él/ela colabora
nós comprometémonos vós confiades: Vedra mellora

Concello de Vedra

ABRIL

L	M	MC	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

■ O 2021 non terá a súa tradicional “Festa do Viño” pero Vedra apostará por unha alternativa que renderá tributo a este elemento tan propio do noso val.

Bótalle un ollo á programación completa na páxina web www.concellodevedra.com

en corentena, Vedra ~~NON~~ para

EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA

#fandoviñodaulla
#facendomemoria
#poñendoenvalor

PROGRAMA 2021

DE ABRIL A NOVEMBRO

I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
“A CULTURA DO VIÑO NA RIBEIRA DO ULLA”

2, 9, 16, 23 E 30 ABRIL

#deparroquiaenparroquia
V12 DE PESCA E VIÑO (en liña)
San Miguel de Saradón

VENRES 9 DE ABRIL ÁS 20:00 H.

CHARLA: “O POSICIONAMENTO DA RIBEIRA DO ULLA NA D.O. RÍAS BAIXAS” (en liña)
Ramón Huidobro Vega, Secretario Xeral da D. O. Rías Baixas

SÁBADO 10 DE ABRIL

Ás 12:00 h. no Pazo Vista Alegre (pechada ao público)
III CATA-CONCURSO DOS VIÑOS RÍAS BAIXAS ALBARIÑO DA SUBZONA RIBEIRA DO ULLA

De 15:25 a 18:40 h. o programa da TVG
“QUE NOS PILLE REBOLANDO”
estará en directo no campo da festa de San Miguel de Saradón

- Facendo memoria da Festa do Viño da Ulla
- Entrevistas
- Entrega de premios da cata-concurso
- Actuacións musicais

www.concellodevedra.com facebook.com/concellodevedra

Vedra, Camiño de Gastronomía

Concello de Vedra Rías Baixas Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA



8M EN VEDRA... CAMIÑO DA IGUALDADE

■ Campaña conxunta de sensibilización dos concellos de Vedra, Touro e Boqueixón na que se ofreceron actividades e materiais divulgativos entre a veciñanza dos tres municipios.



As tres concelleiras en materia de igualdade.

■ **As aventuras de Nabiza Girl:** Un espectáculo con perspectiva de xénero que chegou a Vedra a través do programa da Rede Cultural.



■ **De muller a muller:** Iniciativa de Isa Albela que reivindica e da visibilidade ao papel da muller na sociedade a través da fotografía.



Galería de imaxes da campaña "De muller a muller"

■ **Escape feminista:** Esta actividade para a mocidade tiña como finalidade colocar as lentes violetas para detectar machismos non visibles.



O DÍA DE ROSALÍA... EN VEDRA

■ O Concello de Vedra celebrou o día da escritora coa plantación simbólica da “Figueira de Rosalía” no entorno da Casa das Artes de Vedra co presidente da súa fundación Anxo Angueira.

...E tamén na honra de Rosalía a súa fundación quixo que os nosos centro escolares participaran da súa campaña “Caldo de Gloria” tal e como vemos nas imaxes.



Plantación figueira de Rosalía na Casa das Artes de Vedra.



“Caldo de Gloria”, polo Día de Rosalía no CPI de Vedra.

De Interese

SERVIZO TELEFÓNICO PARA COMUNICAR CORTAS DE MADEIRA PARA CONSUMO DOMÉSTICO NO 012

■ A Xunta de Galicia habilita un servizo telefónico para o trámite de declaracións de aproveitamentos forestais para consumo doméstico a través do 012, premendo na opción “corta de madeira”. Os datos dos que deberá dispoñer antes de realizar a chamada son os seguintes:

- Número de DNI do titular da parcela ou declarante.
- Referencia catastral da parcela.
- Nome e cantidade da especie que se vai cortar.
- Volume da madeira (para este dato deberase saber o diámetro e altura aproximada dos pés que se van cortar)

Neste servizo telefónico indicaran se a parcela se pode tramitar a través dunha declaración responsable de corta (MR604R) ou se por algunha afección desta é necesario realizar o trámite de Autorización (MR604N), este último haberá que realizalo forma telemática.

Para aquelas persoas que dispoñan de certificado dixital ou chave 365 seguirá dispoñible na sede electrónica da Xunta o trámite para realizalo de maneira telemática, buscando o procedemento MR604R (declaración responsable) ou MR604N (autorización) segundo corresponda.

Para máis información ou dúbidas sobre estes trámites poden contactar co concello no teléfono 881.074.404

VEDRA LOITA CONTRA A VELUTINA!

TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.




ELABORACIÓN DE ATRAENTES

TIPO 1



Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.

IMPORTANCIA DO CONTROL DA AVESPA ASIÁTICA

A vespa velutina ou máis comunmente coñecida como asiática comeza a ser un grand problema para a biodiversidade no noso país.

Matan polinizadoras e outros animais para alimentar as súas larvas e ademais de ser unha alarma polas súas picaduras, a súa extensión causa estragos ambientais e económicos, especialmente na comunidade agrícola e apiculadora.

Este tríptico é un resumo da información máis importante que debemos coñecer acerca da Vespa Velutina.

COMO DIFERENCIAR OS NIÑOS

Os niños de Vespa Velutina son de forma redondeada e de maior tamaño có dunha avespa autóctona. Normalmente entre os 80 cm e 1 metro. Na gran maioría dos casos atópanse no alto das árbores e teñen a entrada por un pequeno furado no lateral do propio niño.



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

"AVESPA ASIÁTICA"



Concello de Vedra



Se atopas un niño de velutina chama ao 012

NOVA ORDENANZA REGULADORA DA CORTA, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA (BOP N° 47, 11/03/2021)

■ Coa finalidade de protexer e conservar os camiños e vías municipais fronte aos danos causados polas sacas de madeira o Concello de Vedra acaba de aprobar esta ordenanza que se aplicará a todas as operacións de saca de madeira.

Quedan excluídas desta ordenanza:

- As cortas puntuais de exemplares de árbores illadas ou que non superen os 10 m³ ou 10 tn.

- As podas e rebaixes.
- O clareo de rebrotes.
- Traballos de roza e limpeza de predios.
- As cortas que teñan por finalidade consumo doméstico con vehículos agrícolas.

Continúa na páxina 5



- Eliminación de perigo para persoas ou bens.

Nos casos de aplicación da ordenanza deberán presentar unha comunicación previa no prazo de 15 días hábiles de antelación á data de inicio dos traballos, sempre sen prexuízo da obtención previa dos permisos e autorizacións sectoriais necesarios, como por

exemplo os referentes á protección do patrimonio cultural. Ademais deberán aboar a taxa correspondente a este trámite. Así mesmo, deberá depositarse unha garantía por parte da empresa madeireira para estes traballos. No caso de previsión de cortas habituais ao longo do ano, poderase constituír unha fianza anual.

INFORMACIÓN SOBRE REPOBOACIÓNS FORESTAIS

DISTANCIAS PARA NOVAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS	
Con parcelas forestais	2 metros
Con terreos en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
Con labradíos e prados	4 metros frondosa* 10 metros resto especies**
Con vías (autoestradas, autovías e estradas convencionais) (a contar dende o dominio público)	2 metros frondosa 10 metros resto especies
Con pistas asfaltadas ou non de polo menos 5 m de ancho	2 metros frondosa 6 metros resto especies
Con ríos de máis de 2 m de ancho (a contar dende o dominio público)	5 metros frondosa 15 metros resto especies
Con edificacións/vivendas situadas a menos de 400 m do monte ou vivendas illadas fóra de solo de núcleo	15 metros frondosa 50 metros resto especies
Con solo urbano, de núcleo rural ou urbanizable	2 metros frondosa 50 metros resto especies
Con gasoleiras ou industrias perigosas	15 metros frondosa 50 metros resto especies

*Frondosas: as do Anexo I Lei montes (carballo, castiñeiro, freixo, cerdeira, etc.)

**Resto especies: as da D.A. III Lei incendios (piñeiro, eucalipto, mimosa, acacia, etc.)

PROHIBICIÓNS	
REPOBOACIÓNS FORESTAIS	Prohibidas en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e de especial protección agropecuaria
PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO	Prohibidas en terreos ocupados previamente por frondosas (castiñeiros, carballos, etc.) Pendentes da nova normativa autonómica que só permitirá plantación de eucalipto en solo forestal no que previamente existirá plantación desta especie. Recomendamos limitar estas plantacións exclusivamente a solo forestal

MOI IMPORTANTE: están totalmente prohibidas as repoboacións forestais en solos: URBANO, de NÚCLEO RURAL, URBANIZABLE DELIMITADO e de ESPECIAL PROTECCIÓN AGROPECUARIA

LEMBRA QUE ANTES DE REALIZAR UNHA PLANTACIÓN DEBES COMPROBAR COS AXENTES MEDIOAMBIENTAIS AS DISTANCIAS LEGAIS

Normativa aplicable:

- Lei 7/2012 de Montes de Galicia.
- Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios fores-

tais de Galicia. Modificacións das citadas leis na Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas.

TECNOLOXÍA

■ Vedra asina un acordo de colaboración con Strelia Electrotecnia e Vodafone para experimentar cun módulo de tecnoloxía 5G de tipo NB-IoT para medir CO2

en colectores de lixo.

Para iso habilitarán unha torre de telecomunicacións que dará cobertura a Vedra como N tecnoloxía 5G



ABRIL... MES DO LIBRO EN VEDRA

■ Vedra non esquece esta data sinalada do calendario e faino coas seguintes recomendacións literarias:

El largo regreso

Jordi Sierra i Fabra. Literatura xuvenil.

As chaves da súa casa son o único obxecto que une a Susana co seu pasado. Gardounas durante os catro anos da súa desaparición, pero non sabe por que. E é que, tras ese período de tempo, a moza regresa coma se nada sucedese. Ante o desconcerto da familia, e o seu propio, a rapariga debe asumir que non lembra absolutamente nada do que ocorreu neses anos. Así dá comezo Sierra i Fabra a esta historia que será unha viaxe pola mente da protagonista, unha batalla por recuperar os recordos e unha investigación repleta de incertezas. Onde estivo retida? Quen a levou? Por que non lembra nada? Como puido volver?



Todo é silencio

Manuel Rivas. Xuvenil.

É unha das últimas novelas de Manuel Rivas que nos mete nunha historia baseada nun período que viviu Galicia na súa historia recente. Está dividida en dúas partes; "o silencio amigo", e o "silencio mudo". A primeira parte transcorre nun vila costeira chamada Brétema, onde uns rapaces (Leda, Fins, Brinco, Chelín, etc.) viven a súa infancia despreocupadamente. A parte da inocencia da xuventude, podemos ver a situación social galega a finais do século vinte nas clases traballadoras e máis concretamente nas mariñeiras. E tamén, un problema que despois irá a máis; o contrabando. O cal triunfou pola boa disposición xeográfica de Galicia; chea de rías e recunchos onde pasar desapercibidos. E tamén, como plasma a novela, a corrupción presente nos gobernos e forzas de seguridade, e a complicidade dos veciños que precisaban dos cartos que gañaban facendo algúns




"traballiños" no contrabando. O cal estaba controlado por un home, o Marsical, que viña amasando fortunas dende os primeiros e duros tempos de despois da Guerra Civil. Ata que pola morte do pai de Fins, este marcha a unha escola especial para nenos orfos en Cádiz. A segunda parte da novela volve a estar ambientada na vila de Brétema, pero esta vez moitos anos despois e todo cambiou: as redes de contrabando transformáronse ao narcotráfico, dominadas aínda polo Mariscal e cos antigos rapaces nas súas filas; Chelín Rumbo, etc. Nesta parte da novela, reflíctense todos os problemas derivados do narcotráfico; corrupción (o sarxento Montes e despois o xefe de aduanas), a prostitución (o que causou unha infidelidade entre Brinco e Leda), a drogadicción e problemas entre carterais da droga (do que morreron Chelín, e os gardacostas do Marsical), o malestar social, etc. É entón cando Fins volve, agora coma inspector da policía para tentar poñer ao narcotráfico e recuperar a relación perdida da nenez con Leda.

Virtudes e misterios

Fraga Xesús. Persoas adultas.

Contar a emigración desde a parte dos retornados. Velaí o obxectivo que se propuxo Xesús Fraga ao encetar esta novela que é, sobre todo, o relato dunha epopea como a que protagonizaron tantas mulleres galegas que, levadas pola adversidade, rematan percorrendo o mundo á procura dun futuro mellor.

Xesús Fraga constrúe unha historia que se centra nas vicisitudes dunha familia das Mariñas coruñesas marcada pola emigración, historia que tamén é a da segunda metade do século XX, e que vai medrando coma quen vai pintando un lenzo a base de sensacións, recordos, fotografías, o diario dunha nai e a voz das testemuñas que poden contar. Unha obra que ten moitas lecturas e moitos vieiros, polos que o autor nos leva coma se fosen as liñas do metro de Londres, a cidade ao redor da que gravitan os personaxes da novela. É, tamén, a historia dun neto asombrado e dunha avoa poderosa. A historia dos que marchan e que, cando regresan, nin eles son os mesmos nin a terra que deixaron é a mesma.




An american marriage

Tayari Jones. Inglés.

Novela de ficción considerada necesaria por Oprah Winfrey y Bill Gates, que trata sobre a historia dun fermoso matrimonio que se comeza a enfrontar a situacións que nunca imaxinaron.

Fermosa obra de ficción, pero chea de leccións reais, cunha narrativa profunda e romántica, pero forte e transformadora. Vale a pena ler esta obra fermosa (cun inglés bastante agradable) chea de leccións e ademais cun historial de premios que confirman que é merecedora de darlle a oportunidade.

**Fin de temporada**

Martínez de Pisón, Ignacio. Persoas adultas

Nesta excelente novela, unha parella da España de 1977 que non desexa aínda a paternidade viaxa furtivamente da cidade estremeña de Plasencia, onde vive, a Portugal para que ela interrompa o seu embarazo nunha clínica. Un accidente de estrada do que logra só sobrevivir a moza, fai que esta cambie de decisión e opte por ter ao neno, no que buscará un substituto afectivo do noivo morto.

**VENRES 23 DE ABRIL, PRESENTACIÓN DO LIBRO “A NOITE EN QUE TODO CAMBIOU”**

■ A veciña vedresa Concha Otero presenta este libro que recolle o relato da vida de dúas persoas e toda a súa familia durante os anos que seguiron á fatídica mañá na que Juan acordou convulsionando.

• **Data e hora:** 23 de marzo ás 19 horas.

• **Lugar:** Nave da Estación de Tren de Santa Cruz de Ribadulla.


• **Aforo:** Limitado a 50 persoas respectando o aforo imposto pola normativa preventiva da COVID-19.

**AS LETRAS GALEGAS EN VEDRA**

No 2021 as Letras Galegas levan nome de muller con Xela Arias como protagonista e Vedra conmemorará a data como é costume.

E TI, QUE TE CONTAS?

■ **Obxectivo:** Crear unha campaña de sensibilización e posta en valor da nosa lingua, do que significa para nós, do que agardamos dela, do seu porvir, do seu pasado,... do que nós queiramos.



Formato: Relatos dirixidos á nosa lingua con presentación libre (en forma de carta, de redacción, de conversa,...)

Requisitos:

- Estar escritos en galego.
- Ter un máximo de 200 palabras.

• Indicar nome, apelidos, enderezo e idade en documento aparte. (Tamén podes indicar neste apartado se queres que o teu relato se publique de forma anónima)

• Enviar o relato a cultura@concellodevedra.com

Prazo de participación aberto ata o 10 de maio.

Todos os relatos serán publicados nos medios municipais de difusión.

Entre todos os recibidos sortearanse diferentes VALES para gastar no comercio local de Vedra. A lista de persoas gañadoras publicárase xunto cos relatos o Día das Letras, o 17 de maio.

AS LETRAS GALEGAS EN VEDRA

MÚSICA ÁS LETRAS COA BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- **Data:** 16 de maio.
- **Hora e lugar:** ás 12:00 horas na carballeira de San Fins.

Será un concerto con música en galego en homenaxe ás nosas letras e a Xela Arias.

Aforo limitado cumprindo coa normativa preventiva da covid-19.



Turismo

CONTINUÁ O V12. “DE PARROQUIA EN PARROQUIA” V6. DE PESCA E VIÑO

■ Continuamos ca V12. De parroquia de parroquia. Durante o mes de abril percorrерemos a parroquia de San Miguel de Sarandón, na que falaremos de pesca e viños. Como en cada unha das V12 coñeceremos os recursos patrimoniais máis importantes da parroquia, e ademais nesta ocasión, con motivo da Festa do Viño, falaremos da historia da festa e das peculiaridades do albariño e farémolo visitando as bodegas, sen esquecermos de camiñar ata Ximonde para falar da importancia da pesca e do salmón.

Recordarvos que o mes pasado cambiamos o formato da V12, e que en vez de saír todos os vídeos o terceiro venres de mes, publicárase un cada venres, polo tanto Sarandón contará con 5 vídeos.



www.concellodevedra.com

Facebook
@turismoVedra



“CAMIÑOS DO COÑECEMENTO... VOLVE A VEDRA”



25/05/2021 16:30-18:00h

Seminario: Teatro. A construción do personaxe.

Dña. Beatriz Porrúa Refojo. Pedagoga e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, da USC

26/05/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Teatro. A construción do personaxe.

Dña. Beatriz Porrúa Refojo. Pedagoga e colaboradora do Programa Universitario de Maiores, da USC

27/05/2021 16:30-18:00h

Seminario: Herdanza: sucesión por causa de morte segundo o Dereito galego e o estatal.

D. Xaime Manuel Requeixo Souto. Licenciado en Dereito e Profesor do Programa Universitario de Maiores, da USC

28/05/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Herdanza: sucesión por causa de morte segundo o Dereito galego e o estatal.

D. Xaime Manuel Requeixo Souto. Licenciado en Dereito e Profesor do Programa Universitario de Maiores, da USC

03/06/2021 16:30-18:00h

Seminario: Matemáticas, pídechas o corpo!

Dña. María Victoria Otero Espinar. Profesora Titular e investigadora da Facultade de Matemáticas.

Dña. Beatriz Álvarez Díaz e Dña. Érika Diz Pita. Investigadoras da Facultade de Matemáticas.

04/06/2021 16:30-18:00h

Seminario práctico: Matemáticas, pídechas o corpo!

Dña. María Victoria Otero Espinar. Profesora Titular e investigadora da Facultade de Matemáticas.

Dña. Beatriz Álvarez Díaz e Dña. Érika Diz Pita. Investigadoras da Facultade de Matemáticas.

Lugar de celebración:

Centro sociocultural da Terceira Idade de Vedra.

Alda. Mestre Manuel Gómez Lorenzo 41

Información, consultas e matrículas no teléfono 981814691

LUDETECA

O luns 8 de marzo, a Ludoteca foi o escenario da xincana de Co-responsabilidade, organizado pola Área de igualdade e muller do concello de Vedra, co obxectivo de abordar a necesidade de responsabilizarse nas tarefas domésticas. Esta iniciativa formou parte dos actos previstos para a conmemoración do Día Internacional das Mulleres, e supuxo que os participantes tomasen contacto cos labores domésticos e comezasen a entender que os labores do fogar son responsabilidade de toda a familia e non só das nais, á vez que dunha forma lúdica comprobaron que entre todos a carga sempre é moito máis liviá. O obxectivo desta xincana foi potenciar a coeducación e prever a violencia de xénero e promover as relacións de igualdade entre os sexos.

O mes de abril vén cargado de actividades, onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles aos nenos a convivir, a ser persoas cunha mirada crítica, trataremos de informarllos sobre





diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico e de conciliación, tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola. Comezamos un novo proxecto para coñecer e comprender a nosa contorna máis próxima, o lugar onde vivimos, que recursos e cantas cousas podemos facer!!

Con esta intención, expomos os seguintes obradoiros e actividades:

- Vacacións de Semana Santa. Gran xogo :“Descubrimos Galicia”.
- Xogando en valores: Contacontos.
- Experimentos divertidos: “o profesor chifrado”.

- Obradoiro “Cantería” construíndo espazos.
- “Mr/s. Manitas”.
- Descubre e investiga: “xogos na Galicia”.
- Patrulla ambiental.
- As palabras teñen vida: Teatro.
- Supercchef.
- Taller de sombras.

Para calquera información poñerse en contacto no telf.699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

O horario nas vacacións de semana santa será como sempre, de 8:30h a 14:30 h.



Concello
de Vedra



XUNTA
DE GALICIA

PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DO CONCELLO DE VEDRA

■ O Departamento de servizos sociais comunitarios do concello de Vedra segue apostando polo Programa de promoción da autonomía persoal que ten como obxectivo xeral promover a autonomía das persoas participantes, mediante a participación e a aprendizaxe no seu contexto natural, de xeito que se fomenta o seu desenvolvemento persoal e se preveñan situacións de institucionalización, implicando ás familias no proceso e como obxectivos específicos:

- Aumento do grao de autonomía persoal e de independencia de cada persoa participante nas actividades diarias do seu fogar.
- Proporcionar un maior número de experiencias de participación en actividades significativas a cada persoa participante.
- Fomento do coñecemento da contorna e uso de recursos comunitarios do concello de Vedra, fomentando a inclusión social.
- Implicar de forma activa ás familias nos procesos de apoio no fogar e ofrecer un apoio á mellora da calidade de vida familiar.



Concello
de Vedra



Qué é o programa de promoción da autonomía persoal?

O Concello de Vedra, coa colaboración da Asociación Habilidades desenvolven este programa. Está orientado a promover o desenvolvemento persoal en persoas que pola súa situación actual, precisen de apoios

En qué consiste o programa?

Cada persoa participante decide as súas propias metas, coa axuda precisa. Estas metas poden ser:

- académicas. Mellora da lectoescritura, Competencias Clave.. - habilidades funcionais para mellorar a autonomía no fogar
- Habilidades sociais e xestión emocional

Traballamos en dous formatos:

1. SESIÓN DE TRABAJO INDIVIDUALIZADO. Nelas, se traballan as metas de cada participante.
2. SESIÓN GRUPAIS, nas que se traballan contidos comúns a varios participantes

As persoas poden participar nunha ou ambas modalidades, segundo desexen

Cándo e onde?

Os horarios sesións individuais se acordan con cada persoa. Pódense desenvolver no domicilio do participante ou en calquer espazo da comunidade.

As sesións grupais son os luns e mércores de 16 a 20 horas, na Biblioteca municipal

Duración do programa

Desenvóllese entre febreiro e decembro de 2021
A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA É TOTALMENTE GRATUITA

Medidas de seguridade

Durante o programa tomaráanse todas as medidas recomendadas para a prevención da COVID-19

Contacta con nos

IServizos Sociais Vedra:
981814693



CONVOCATORIA ABERTA DO PROGRAMA BÁSICO COMUNITARIO 2021

- Programa Axuda no Fogar (modalidade de acceso libre concorrencia e dependencia).
- Programa de Educación Familiar.
- Programa de Información e Orientación.
- Programa de Prevención e Inserción / Axuda de Emerxencia Social.



Voluntariado

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO SÉNIOR “A MAIORES 2021”

■ O Programa de voluntariado sénior “A Maiores 2021” nace dende o Departamento de servizos sociais do concello de Vedra, tendo en conta a realidade social da poboación das persoas maiores e das súas familias, co obxectivo de desenvolver accións de voluntariado no apoio a actividades de mellora do benestar deste colectivo.

As actuacións levadas a cabo céntranse en accións de acompañamento social, actividades para a socialización das persoas maiores en risco, accións para a ocupación do lecer e do tempo libre e actividades para a estimulación cognitiva e física dos/as destinatarios/as.

A realización destas actividades voluntarias están a repercutir positivamente no incrementando da calidade de vida das persoas maiores participantes.

As persoas voluntarias, contan con formación, seguro de accidentes e de R.C. e terán cubertos os gastos de desprazamento e manutención.

Se tes máis de 55 anos e se estás interesado/a en participar como voluntario/a neste programa ou queres recibir máis información chama ao 981814695 ou envía un correo electrónico a voluntariado@concellodevedra.com

Iniciativas Asociativas

OLÍMPICO DE VEDRA

■ O Olímpico de Vedra puxo por fin en marcha a súa actividade competitiva para este atípico 2021. O club participou nas distintas probas do Campionato Galego de Atletismo celebradas na cidade de Pontevedra e tamén na “Toma de Tempos” da Federación Española de Tríatlon e no Dúatlon “Cidade de Santiago”.

Coa incerteza de datas aínda en probas das escolas deportivas polas moitas limitacións impostas pola Covid 19, o que si é seguro é que van arrancar as ligas nacionais, onde o club Olímpico de Vedra



Victor Bouzon, Martiño Iglesias e Gabriela Quintás.

conta coa presenza dos equipos absolutos masculino e feminino na 2ª división de dúatlon e tríatlon. Un feito histórico que a pandemia



Maria Pereiras e Arón Lorenzo.

non está a permitir gozar como se merecería e que vai a obrigar aos deportistas do club a un esforzo espectacular durante os vindeiros



Participantes do Duatlón de Santiago.

3 meses con probas cada 15 días fóra da nosa comunidade.

Compartimos a súa axenda:

10-11 de abril: Campionato de España de dúatlon individual (Avilés - Asturias).

24-25 de abril: 1ª xornada da liga nacional de clubs de dúatlon 2021 (Alcobendas - Madrid).

8-9 de maio: 2ª xornada da liga nacional de clubs de dúatlon 2021 (La Nucía - Alacante)

22-23 de maio: 3ª xornada da liga nacional de clubs de dúatlon 2021 (Valladolid - Castela e León)

5-6 de xuño: 1ª xornada da liga nacional de clubs de triatlón 2021 (Águilas - Murcia)

19-20 de xuño: 2ª xornada da liga nacional de clubs de triatlón 2021 (A Coruña)

Parabéns



A CARLA PÉREZ CORRAL E ASIER CABO LODEIRO

■ Atletas vedreses do Club Atletismo de Santiago que no LXIV Campionato de Galicia SUB18, conseguiron os seguintes postos na clasificación:

Carla Pérez Corral: Prata nos 400 metros lisos e bronce nos 200.

Asier Cabo Lodeiro: Bronce na proba de Triplo Salto.



A VÍCTOR BOUZÓN

■ Atleta do Club Olímpico de Vedra polas súas medallas no Campionato Galego de Atletismo celebrado na cidade de Pontevedra.

- A medalla de prata na proba dos 1500 metros lisos sub23.
- A medalla de bronce nos 3000 metros lisos sub23.



AUGARDENTES DE GALICIA

■ Pola súa “*Estrella Michelin*” da industria alimentaria. Sendo a única destilería galega con este recoñecemento. Unha certificación de calidade obtida da IFS (International Featured Standards) que corrobora que os produtos que se elaboran son de alta calidade e seguros dende un punto de vista alimentario.



A ANDRÉS COLLANTES

■ Vedrés que obtivo o recoñecemento como un dos mellores oradores na Edición 2021 do Parlamento Xove, organizado pola Consellería de Política Social.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA: Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra. com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.